

---

## RIOTORTO

### *Anuncio*

Transcríbese o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria de 04 de decembro de 2020 xunto coa ordenanza aprobada definitivamente:

**"3.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIAS E POLAS CANTEIRAS. APROBACIÓN DEFINITIVA NO SEU CASO DA ORDENANZA.**

*Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta ao Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.*

*Considerando que a citada ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 07 de agosto de 2020.*

*Considerando que durante a exposición pública do citado acordo da ordenanza e do resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncios insertos no BOP e no Taboleiro de anuncios deste Concello en data 14 de agosto se presentaron as seguintes reclamacións:*

- A subscrita pola Asociación de veciños e veciñas de Santa Comba da Órrea.
- A subscrita pola Sociedade de Fomento Forestal "Monte de Candedo".

1.00

- A subscrita por D. Elier Ojea Ureña en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia (FEARMAGA).
- A subscrita por D. Daniel Díaz Ramos en representación da Asociación Provincial de Empresarios de Primera Transformación de la Madera de Lugo.

As reclamacións citadas constan no oportuno expediente.

Considerando que se emiten informes polo Servizo de asistencia xurídica, económica e técnica dos concellos da Deputación Provincial de Lugo unidos ao expediente respectivo e favorables á desestimación das reclamacións presentadas.

Considerando que se emite informe pola Secretaría municipal, sobre o seu informe económico-financeiro, unido tamén ao expediente respectivo e favorable á desestimación das reclamacións presentadas.

A corporación, tras deliberacións, acorda co voto favorable dos seis concelleiros do grupo municipal do PP:

#### 1.- Desestimar as reclamacións presentadas

2.- Aprobar definitivamente o texto da ordenanza sen introducir na mesma modificación ou corrección algúnhia, publicando o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios.

3.- Notificar este acordo cos recursos procedentes aos reclamantes.

4.- Remitir copia desta ordenanza á administración do Estado e á Xunta de Galicia.

Os dous concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE abstéñense sobre a aprobación desta ordenanza, e o concelleiro do grupo municipal do BNG, vota en contra da súa aprobación.

O texto da ordenanza figura unido ao expediente respectivo."

### **ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTALS E POLAS CANTEIRAS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, constitúe un sector económico moi relevante neste Concello, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sostenibilidade económica dos veciños/as.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, nomeadamente o transporte, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas polo deterioro que producen no firme das mesmas os usos antes nomeados.

Por outro lado, os danos producidos polos usos antes referidos, obriga ao concello a realizar gastos de contía extraordinaria para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráficós en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais ao ten dereito a veciñanza e a xeneralidade dos usuarios/as calquera que sexa o seu lugar de residencia; é dicir, o concello vese obrigado a facer estes esforzos orzamentarios para facer fronte aos danos producidos polos tráficós referidos de forma que se poida compatibilizar tales usos cos usos normais e xerais aos que están, precisamente, destinados. Dito doutra maneira, de non existir un uso das vías municipais por parte das empresas madeireiras que antes referíamos, o mantemento dos mesmos para o uso común xeral por todos os cidadáns soamente precisaría de gastos ordinarios que son os que comunmente se fan nas vías non usadas polo transporte, arrastre, depósito e carga, derivado da corta de madeira.

Tal uso, polas súas especiais características derivadas dos medios empregados, así como da súa intensidade á que se someten as vías de depósito e saca da madeira cortada, configuran un USO COMÚN ESPECIAL das vías municipais, de conformidade con canto se establece polo artigo 75.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Uso especial que a presente Ordenanza regula.

Uso especial que, como xa se dixo, incide de forma extraordinaria nos custes de mantemento das vías municipais afectadas polo mesmo, para que poidan servir ao uso normal e común que constitúe a finalidade última das mesmas.

A explotación das canteiras existentes, se ben con menor importancia económica que o sector forestal, ten unha incidencia nas vías municipais análoga á da explotación forestal, anque moito máis reducida cuantitativamente, polo escaso número de explotacións; agora ben, dada a intensidade que este uso supón e a incidencia no deterioro das vías empregadas polo transporte dos produtos extraídos, en especial nas inmediacións das mesmas, este uso cualifícase de USO COMÚN ESPECIAL.

Sen do certo que o municipio carece de competencias regulatorias da explotación forestal dos montes e da corta de madeira da mesma derivada, non o é menos que o municipio ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa e policía das mesmas.

A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente, na regulación das corta nin na actividade forestal no municipio, actividade sobre á que o municipio non ten competencia, limitándose, como non podía ser doutra maneira, a protexer as vías publicas municipais fronte ás consecuencia que o depósito, arrastre e transporte de madeira, cualificando tales usos como usos especiais e regulándoos de forma que se compatibilice tal uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns. Compatibilidade de usos que para materializarse de forma efectiva exixe inxentes gastos a cargo do concello, ou o que é o mesmo, a cargo dos nosos veciños e veciñas que, finalmente son os que os sufragan a medio de impostos e taxas que soportan..

A presente regulación pretende que os danos causados ao viario municipal sexan soportados polos causantes dos dous mesmos, cando menos parcialmente.

Como di a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recurso 406/2009. Fundamento de dereito cuarto "...toda conservación implica intrinsecamente la regulación del uso de aquello que se pretende conservar, mediante actos de tutela y defensa...las autorizadas competentes para la conservación, lo son asimismo, para la vigilancia y regulación de los usos comunes y los aprovechamientos especiales, por lo que hemos de concluir la competencia del Municipio para regular los usos de los caminos rurales".

Sigue dicindo a Setenza no seu Fundamento xurídico cuarto "...con carácter general en principio, no son iguales, nin sirven por ello los términos de comparación a los efectos de aplicar aquél único precepto que denuncia como infringido, los usos de los caminos rurales, y deterioro consiguiente, realizados por vehículos agrícolas y por aquellos otros (no supuesto enxuciado vehículos de uso mineiro). No lo son, incluso, aun en supuestos de similar tonelaje, ya que no cabe descartar, solo por ello, que incidan circunstancias desiguales, referidas, por ejemplo, a las frecuencias de los transitos y a los efectos ligados a la naturaleza del material objeto de transporte"

As aseveracións que preceden poden e deben facerse igualmente en relación ás explotacións das canteiras.

En orde á competencia municipal para a aprobación desta Ordenanza, aquela emana da potestade regulamentaria do municipio recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nesta orde de cousas, recordar que o título habilitante/competencia municipal vén recollido no artigo 25.1.d), 49,80 e 82 da Lei 1985, antes referenciada. No mesmo sentido compre invocar os artigos 74 e seguintes do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 3,4,44,76 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e así mesmo, nos artigos 41 e 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Réxime Xurídico do Patrimonio das Administracións Públicas.

Entre ás normas establecidas por esta Ordenanza, destacaremos:

- A exixencia de licenza municipal para para o uso especial regulado; licenza que vén exixida polo artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, no que se establece:

"1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general".

- A exixencia dun seguro de Responsabilidade Civil que cubra preventivamente o risco de deterioros especialmente importantes polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos, arrastres e transportes autorizados.

## TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

### Artigo1.- Obxecto e fundamento.

1.1.- De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño; o Concello de ..... establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio. Usó especial que tamén se declara das mesmas operacións derivadas da explotación das canteiras existentes no término municipal.

O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.

Enténdese por uso común especial do viario municipal o depósito, arrastre e transporte de madeira, derivados de sacas de madeira provintes da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras. Cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.

1.2.- Quedan excluídas da presente ordenanza as pistas forestais definidas no artigo 8.25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

#### **Artigo 2.-Actividades excluídas.**

Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes, e acopios de madeira provinte da explotación forestal:

Podas en plantacións forestais.

Rozas e limpeza de fincas.

Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos.

Cortas puntuais de exemplares de ábores ornamentais.

Cortas para uso doméstico.

#### **Artigo 3.- Definicións.**- Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

- Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

- Actividade mineira: aquela que ten por obxecto a explotación dos recursos mineiros, calquera que sexa a sección das reguladas pola lexislación mineira.

- Saca de madeira: deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construcción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

- Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

- Empresa mineira: persoa física ou xurídica que realice os labores propias da explotacións de canteiras de áridos, pizarra ,etc.

#### **Artigo 4.- Ámbito de aplicación.**- O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Riotorto sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

### **TÍTULO I: AUTORIZACIÓN E RÉXIME XURÍDICO**

**Artigo 5.- Requisitos para as operacións de saca de madeira e das canteiras.**- Para realizar traballos de saca e depósito de madeira en plantacións forestais do Concello, será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para uso especial da vía ou vías municipais a empregar para o depósito e transporte de madeira, áridos ou pizarras.

A solicitude de licenza, asinada polo representante da empresa madeireira ou da canteira, deberá presentarse no rexistro do Concello, en papel ou telematicamente,ou en calquera outro dos Rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015,do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común

Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas,de preservación do patrimonio arqueolóxico ou de minas.

Na solicitude de licenza ou en documentación anexa deben constar:

- Datos identificativos empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
- Especie de madeira obxecto da corta
- Volume de madeira que se prevé extraer
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
- Identificación de la vía municipal a utilizar: Nombre y plano con la traza del mismo

- Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
- No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.

Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.

- Declaración responsable segundo anexo II.

O Concello de Riotorto terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de solicitade tal e como se recolle no Anexo I.

O Concello requirirá á empresa madeireira/mineira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación da correspondente solicitude de licenza, cando comprobe que a empresa madeireira/mineira non cumpriu coa súa obriga de presentala nas oficinas municipais, sen prexuízo da corresponde sanción derivada do incumprimento desta obriga.

**Artigo 6.- Responsables.**- A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado. O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de saca de madeira, e no seu caso, da explotación de canteiras, non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

**Artigo 7.- Obrigas.**- A empresa madeireira/mineira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

A empresa madeireira/mineira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira como dos áridos, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira . A obriga de limpeza deberá cumplirse todos os días ao final da xornada de traballo. A mesma obriga atinxe ás canteiras no relativo a vertido de áridos e restos da explotación mineira.

Os depósitos de rolla, pólás, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias. As mesmas prohibicións en relación co viario municipal e os seus elementos funcionais, atinxeñ ao vertidos e restos de áridos.

Prohibírese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados, Os residuos assimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal axeitado.Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

A empresa madeireira/mineira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira ou áridos,conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohibírese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais. No suposto de áridos e/ou pizarra enténdese como depósito irregular aquel que exceda de vinte días naturais.

A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpezas ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 1 mes a partir da retirada da madeira.

De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

**Artigo 8.- Requerimentos.** Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se

axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para eio un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non podará exceder de un mes. Unha vez que transcorra este prazo sen que se dea cumprimento ao requerimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custos derivados á persoa responsable.

## TÍTULO II INFRACCIONES E SANCIÓN

**Art. 9.- Infraccións.**- Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen perxuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

A infraccións da presente ordenanza, cualíficanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de solicitude de licenza para realización dos transportes e/ou depósito de madeira/ ou de produtos mineiros unha vez fose requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais nun estado de suciedade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor superiores a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Cometer nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

Constitúen infraccións graves:

- Non presentar o escrito de solicitude de licenza, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor inferior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as rampas ou accesos que se abrían para acceso aos terreos forestais
- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.

**Art. 10.- Sancións.**- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00€
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01€ e 1.500,00€.
- Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€

A tramitación do procedemento sancionador non previsto nesta ordenanza, rexererase pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Alcaldía.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

As multas e sancións impostas ao abeiro do disposto na presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50%, no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen perxuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A presente ordenanza será de aplicación aos usos especiais começados a partir da súa entrada en vigor.

No suposto de actividades mineiras será de aplicación ao primeiro plan de labores anuais aprobado con posterioridade á entrada en vigor

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

Primeira.- A Alcaldía queda facultada para emitir cartas órdenes ou instruccións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

Segunda.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se proceda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derogada a ordenanza reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal, publicada no BOP de 14 de febreiro de 2014.

**ANEXO I****SOLICITUDE DE LICENZA PARA OPERACIÓN SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

<b>Datos da empresa madeireira/mineira</b>																
Denominación																
N.I.F.																
Endereço																
Teléfono																
Nome da persoa encargada																
<b>Datos da propiedade forestal/ concesionario da canteira</b>																
Especie de madeira obxecto da corta																
Volume total da madeira a extraer (m <sup>3</sup> )																
Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia																
<table border="1"> <thead> <tr> <th>Polígono</th> <th>Parcela</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>-</td> <td>-</td> </tr> </tbody> </table>			Polígono	Parcela	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Polígono	Parcela															
-	-															
-	-															
-	-															
-	-															
-	-															
-	-															
Identificacións catastrais																
<b>Datos do aproveitamento forestal/áridos</b>																
Datas previstas de inicio e remate																
Lugar onde se depositará a madeira																
Viario municipal a empregar para o transporte da madeira cortada																

En aplicación da **Ordenanza Reguladora do uso común especial do viario municipal con motivo do depósito e/ou transporte de madeira**

**SOLICITA:**

Licenza para o uso especial comezo de actividades forestais/mineiras nas parcelas indicadas previamente.

## Documentación que achega:

- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta.
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar.
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil.
- Declaración responsable do bo estado das vías, ou no seu caso fotografías.

.....a ... de .... 202...

## Anexo II

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DO BO ESTADO DAS VÍAS MUNICIPAIS E DE REPOSICIÓN DE DANOS EN BENS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL

CONCELLO DE RIOTORTO

D. \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_ e domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, en representación da empresa \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_.

## DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONABILIDADE:

1. Que a actividade que vai ser desenvolvida non ten impacto no patrimonio histórico-artístico.
2. Que as actuacións a desenvolver contan co permiso, autorización, comunicación ou notificación de que se trate (Consellería competente na materia). Achecho copia.
3. Que se compromete á reposición dos danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar.
4. Que se compromete a manter o cumprimento da normativa mencionada durante o desenvolvemento da actividade así como a adaparse ás modificacións legais que durante o seu desenvolvemento puideran producirse.
5. Que declaro entender ou chegar o siguiente (marcar o que proceda):

Que as vías municipais a utilizar atópanse en bo estado.

Que chego reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar someténdome a súa comprobación polos servizos municipais, e, trala súa utilización chegará, así mesmo, una reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.

6. Que se cumpre coa normativa sectorial dos medios materiais, de seguridadae e saúde no traballo e de recursos humanos a emplegar no desenvolvemento da actividade.

Riotorto, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_